DEPUTACIÓN DE LUGO

SESION ORDINARIA DE 27 DE OUTUBRO DE 2026

Presidenta:
Dª. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
Dª Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
Dª. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

Secretario:
D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de outubro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández,

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	1/19

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DIA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesións ordinaria celebrada o vinte e nove de setembro de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=1

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN MODELO DE REPARTO DO FONDO DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL TRANSPARENTE QUE ATENDA AS NECESIDADES DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno da Deputación de Lugo para reclamar á Xunta de Galicia un modelo de reparto do Fondo de Compensación Interterritorial transparente que atenda as necesidades da provincia de Lugo.

Dende o ano 2022, a provincia de Lugo ven sendo sistematicamente excluída do reparto dos fondos correspondentes ó Fondo de Compensación Interterritorial que o Estado achega a esta Comunidade Autónoma. O modelo de asignación de todos os fondos a un proxecto único, impulsado pola Xunta, ten privado á nosa provincia do acceso a uns fondos que foron concibidos, precisamente, para axudar a compensar as diferencias interterritoriais. Que unha provincia de poboación envellecida, cun grande peso do rural e da dispersión, quede fora dese reparto supón, de feito, incumprir os propósitos para os que estes fondos foran creados.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	2/19

Esta situación deriva de dúas decisións diferentes, tomadas en distintas instancias de goberno, por un PP que, estea onde estea, non coloca nunca a Lugo no mapa das súas prioridades. É certo que ó comezo do goberno do señor Feijóo, ata o ano 2015, o FCI empregouse en proxectos multiterritoriais como estradas ou saneamento, e nesas datas, Lugo, e tamén Ourense, tiñan un peso importante no reparto, como resulta lóxico se pensamos en acortar a brecha de desenvolvemento entre a franxa atlántica e a Galicia interior.

Pero en 2014, o goberno de Mariano Rajoy recortou estes fondos nun 27%, un recorte drástico que a Xunta respondeu cambiando o modelo de xestión e apostando por concentrar os investimentos na franxa atlántica primeiro, e logo en proxectos únicos a partires do ano 2020. Isto é, ante un recorte de fondos decretado polo PP en Madrid, o PP de Galicia aproveitou non para facer unha xestión máis eficiente dos cartos dispoñibles, fixando prioridades nas zonas máis necesitadas, senón que aproveitou a redución dos fondos para, de facto, anular por completo o seu obxectivo.

A Xunta de Galicia pretende xustificar este cambio de modelo, que anula a finalidade real dos fondos, dicindo que así cumpre os criterios fiscais e garante a execución das obras. O certo é que este argumento é unha cortina de fume para ocultar a realidade: a Xunta emprega ó seu antollo e sen transparencia o FCI, que ten incorporado coma unha parte máis do seu orzamento, e xa non coma unha partida para axudar a garantir o equilibrio territorial de Galicia.

Os lucenses teñen dereito a se beneficiar dos 38M€ anuais que de media forman o FCI. E a coñecer con que criterios se van a empregar na nosa provincia e que prioridades se fixan para decidir que proxectos se apoian. E é preciso tamén que a Xunta explique como ten empregado os 30M€ que quedaron sen executar correspondentes ó exercicio do ano 2020 e anteriores.

A situación xerada arredor do uso do FCI é un bo exemplo do deterioro progresivo da xestión do PP ó fronte da Xunta. No que fai ós fondos, estamos feitos ó reparto de subvencións que se abren ás 12 da noite e se esgotan ás 12 e un minuto; estamos feitos ás partidas orzamentarias que se repiten ano tras ano sen executar; e no caso do FCI, se nos presenta como eficacia contable o que é, en realidade, o abandono dos territorios máis necesitados e o recoñecemento de que a Xunta marxina dende hai anos á Galicia interior, nomeadamente, á provincia de Lugo. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta PG para reclamar á Xunta de Galicia:

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	3/19

1. Que abandone o modelo de “proxecto único” e empregue os fondos asinados ó Fondo de Compensación Interterritorial de xeito equilibrado no conxunto das catro provincias galegas, de acordo ca finalidade para a que foron creados.

2. Que teña en conta as necesidades da provincia de Lugo en materias de infraestruturas, equipamentos e servizos públicos á hora de elaborar os criterios de prioridade que fixen o emprego dos devanditos fondos.

3. Que aposte pola transparencia e aclare en sé parlamentaria o emprego do FCI nos últimos anos, así como a xestión dos fondos remanentes dende 2020 e o seu reparto.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 11 (correspondentes aos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=2

3º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á CONSTRUCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA NA PROVINCIA DE LUGO E Ó APOIO DE MEDIDAS A PROL DE INQUILINOS E PROPIETARIOS PROPOSTAS POLO GOBERNO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para instar á Xunta de Galicia á construción de vivenda pública na provincia de Lugo e ó apoio de medidas a prol de inquilinos e propietarios propostas polo goberno.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	4/19

O problema da vivenda en Galicia xa non é só un problema de falta de planificación: é, sobre todo, un problema de falta de execución. A Xunta de Galicia anuncia para 2026 un orzamento de 350 millóns de euros en vivenda, 163 deles para construción nova. Pero os feitos desmenten os titulares: a mediados de exercicio a Xunta executara só arredor do 7 % da partida destinada a vivenda, e retirou ou modificou preto de 70 millóns de euros dun dos seus programas. É dicir: teñen o diñeiro enriba da mesa e non o gastan. Non é só que non constrúan: é que nin sequera poñen a disposición da cidadanía o que xa teñen.

Se con frecuencia falamos do deterioro de servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación ou a atención ós maiores, a etapa de Núñez Feijóo na Xunta estivo marcada por un forte freo das políticas de vivenda. Un abandono que sufriu, de xeito especialmente severo, a provincia de Lugo.

As cifras do IGE falan por si mesmas. Entre 2005 e 2009, durante o goberno do bipartito, en Galicia fixéronse 14.652 vivendas protexidas. Delas, 3.561, case o 25 %, na provincia de Lugo. Pola contra, entre 2010 e 2023, en Galicia só se construíron 5.869, só se puxeron en marcha 628 vivendas protexidas. Nos anos 2015, 2018, 2019, 2020, 2022 e 2023 non se promoveu nin unha soa vivenda protexida de prezo accesible para as persoas máis necesitadas.

O Rexistro Único da Xunta de Galicia ten anotadas 35.703 solicitudes de vivenda de protección oficial, 3.444 delas na nosa provincia. De manterse o ritmo de promoción pública daquela etapa, o parque de vivenda protexida de Galicia sería hoxe moi superior e o acceso á vivenda, estaría menos tensionado.

Co PP na Xunta de Galicia, o prezo do m^2 de vivenda nova está a subir unha media do 8 % anual na provincia. A media en Lugo capital sitúase nos 1.600 €/m^2; e en zonas como Ribadeo ou Foz, o impacto do turismo leva esa media a prezos que xa rozan os 2.000 €/m^2. Se falamos dos alugueiros, un piso tipo de 80 a 90 m^2 que na década pasada custaba entre 450 e 500 € ó mes, rebasa agora os 800. E a estratexia de comunicación do PP de meter medo ós propietarios, inflando fenómenos minoritarios ante os que a xustiza actúa con dilixencia, só contribúe a inflar os prezos e reducir a oferta.

Como ben recollen as medidas en materia de vivenda impulsadas polo Goberno de España precisamos un marco de alugueiros estable e contido, que dea seguridade ós inquilinos e ós propietarios. Precisamos acabar coa imaxe de miseria social que representan os desafiuzamentos. Precisamos que a Xunta execute o orzamento que xa ten e recupere niveis dignos de promoción de vivenda protexida. E precisamos, sobre

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	5/19

todo, que a dereita deixe de antepoñer os seus intereses partidarios e o seu apoio ás actividades especulativas, para defender o dereito constitucional de acceso a unha vivenda digna.

Facendo nosas as reflexións e as solucións que en materia de vivenda propón o Goberno, os socialistas lucenses presentan para o seu debate e aprobación os seguintes acordos:

1. Executar de inmediato o orzamento de vivenda xa aprobado, e elaborar un plan de choque de construción de vivenda pública que recupere, polo menos, os niveis existentes en tempos do goberno de Emilio Pérez Touriño.

2. Crear unha bolsa de vivenda pública para atender casos de urxencia, como desafiuzamentos de familias vulnerables, persoas da terceira idade ou persoas migrantes, e poñer no mercado o patrimonio de vivenda pública hoxe inmobilizado na provincia de Lugo.

3. Respaldar as medidas adoptadas polos concellos no control das vivendas turísticas que están a eliminar oferta residencial do mercado.

4. Reclamar ao PP que recapacite e apoie as medidas en materia de vivenda impulsadas polo Goberno de España, que buscan a estabilidade dos contratos de alugueiro, o freo da especulación e a redución dos desafiuzamentos."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Neste momento incorporase á sesión plenaria o Sr. Deputado Don José Pardo Lombao.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=3

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	6/19

4º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO Á FOLGA XERAL DO 11 DE NOVEMBRO DE 2026: "GALIZA EN LOITA POR UNHA VIDA DIGNA E POLO DEREITO Á VIVENDA".

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"O Deputado Provincial D. Efren Castro Caloto, na súa calidade de deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, en representación do citado grupo, e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en apoio á Folga Xeral do 11 de novembro de 2026: "Galiza en loita por unha vida digna e polo dereito á vivenda".

Exposición de motivos

A situación económica e social que vive Galiza actualmente está marcada por unha fonda deterioración das condicións de vida das clases populares. A realidade é moi clara: vivir en Galiza é cada vez máis caro e os salarios e os ingresos das familias non medran ao mesmo ritmo que os prezos. A alimentación, a vivenda, a electricidade, os combustíbeis, o transporte e os gastos de inicio do curso escolar están poñendo contra as cordas ás familias, e tamén ás persoas autónomas, ás pequenas empresas, ós comerciantes e ós sectores produtivos do noso país.

Nos últimos anos, os prezos da alimentación aumentaron un 35 %, a vivenda un 24 %, o transporte un 23 % e os da hostalaría e o turismo un 36 %. A situación está a empeorar día a día pola combinación das subas dos combustíbeis e da electricidade, a falta de vivenda a prezos accesíbeis e o incremento dos gastos das familias. Estamos falando das persoas que teñen máis dificultades para chegar até o fin de mes, das familias que non poden asumir o custo da vivenda, dos autónomos que ven dispararse os seus gastos e das pequenas empresas que están perdendo marxe cada día.

Por estes motivos, as organizacións sindicais (co liderado da CIG), xunto cos movementos sociais, as plataformas de inquilinas e os colectivos en defensa do dereito á vivenda, teñen convocada unha Folga Xeral para o próximo 11 de novembro de 2026 baixo o lema «Galiza en loita por unha vida digna».

1. Un contexto de crise, inflación e perda de poder adquisitivo.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	7/19

As familias galegas e as persoas traballadoras están a sufrir un escenario de prezos desorbitados en bens de primeira necesidade: alimentación, enerxía e servizos básicos. Mentres o custo da vida aumenta de xeito continuado, os salarios e as pensións permanecen estancados ou sofren incrementos insuficientes, provocando unha severa perda de poder adquisitivo. Esta dinámica non é un fenómeno fortuíto, mais o resultado de políticas de rendas inxustas e da falta de intervención pública sobre os sectores estratéxicos e os oligopolios que se benefician da inflación.

2. Emerxencia habitacional: a vivenda como ben de mercado e non como dereito.

A vivenda converteuse no principal factor de precarización e empobrecemento social en Galiza. A escalada sen freo do prezo dos alugueiros, a proliferación sen control das Vivendas de Uso Turístico (VUT), a especulación inmobiliaria e a falta dun parque público de vivenda protexida están a expulsar a veciñanza dos seus barrios e concellos. A incapacidade e inacción da Xunta de Galiza para declarar zonas de mercado residencial tensionado e aplicar topes aos prezos dos alugueiros, xunto coa ausencia de políticas municipais valentes nos concellos gobernados polas forzas da dereita, agravan día a día o problema. O acceso á vivenda é un dereito fundamental e un piar básico para o benestar e a autonomía persoal, especialmente da mocidade e das familias con menores ingresos.

Os Concellos, como a administración máis próxima á cidadanía, non poden permanecer alleos ante o empobrecemento do noso tecido social e produtivo local. O poder local debe ter un papel activo e esixir ás demais administracións (Xunta de Galiza e Goberno do Estado) cambios estruturais nas políticas económicas, sociais e habitacionais, garantindo que as entidades locais dispoñan dos recursos financeiros suficientes para poder, desde as súas competencias e responsabilidades, colaborar na mellora das condicións de vida da poboación mediante mellores servizos.

A mobilización do 11 de novembro supón unha resposta cívica necesaria, xusta e lexítima para reivindicar o control de prezos dos bens básicos e da vivenda, a recuperación do poder adquisitivo e a garantía dos servizos públicos esenciais (sanidade, educación, servizos sociais e coidados).

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Declarar o apoio e a solidariedade da Deputación de Lugo coa Folga Xeral do 11 de novembro de 2026, impulsada polo sindicalismo nacionalista (CIG) en coincidencia coas plataformas e colectivos en defensa do dereito á vivenda.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	8/19

2. Garantir plenamente o exercicio do dereito fundamental de folga de todo o persoal empregado público da Deputación de Lugo.

3. Reclamar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a posta en marcha inmediata de medidas efectivas para conter a emerxencia habitacional, entre elas: A declaración de zonas de mercado residencial tensionado para limitar e topar os prezos do alugueiro. A regulación e a limitación estrita das Vivendas de Uso Turístico (VUT). A creación real dun parque público de vivenda de alugueiro protexido e accesíbel mediante a mobilización da vivenda baleira e a xestión da vivenda procedente da SAREB.

4. Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a implementación de políticas orientadas á redución do custo da vida, ao control e á intervención dos prezos dos bens esenciais e servizos enerxéticos, así como á mellora dos salarios e á actualización das pensións.

5. Dar traslado destes acordos ás organizacións convocantes, á Presidencia da Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=4

5º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA RECLAMAR A MELLORA DO SERVIZO DE AMBULANCIAS DO 061 EN LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	9/19

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“O Deputado Provincial D. Efren Castro Caloto, na súa calidade de deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, en representación do citado grupo, e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para reclamar a mellora do servizo de ambulancias do 061 en Lugo.

Exposición de motivos

Son algo recorrente dende fai tempo as queixas da poboación ante os tempos de resposta das ambulancias de emerxencias do 061. Algo que se pon de manifesto coas emerxencias que transcenden máis mediaticamente, pero que acontecen a diario nos ámbitos domiciliarios. Situación que se repetiu novamente neste mes de outubro.

Por parte de testemuñas presenciais téñense denunciado tardanzas de máis de 30 minutos en chegar as ambulancias aos lugares das emerxencias; sen que por parte da Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Sanidade, se teñan aclarado cales foron as secuencias temporais desde que o 061 tivo coñecemento dos acontecementos até que o servizo de ambulancia ten chegado ás emerxencias.

Cómpre lembrar que segundo o Contrato-Programa da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas 061, no período 2024-2025 (última versión) o tempo mínimo de cobertura debe ser:

- Ambulancias de Soporte Vital Básico (SVB): o 90% da poboación de Galiza debe estar cuberta por un tempo inferior ou igual a 15 minutos desde a mobilización.

- Ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA / Medicalizadas ou UVI): o 65% da poboación debe ser atendida en menos de 15 minutos

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Reclamar á Xunta de Galiza que incremente e dote suficientemente o servizo de emerxencias 061 na provincia de Lugo, en consonancia coa poboación real e o territorio a cubrir.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	10/19

2. Solicitar á Xunta de Galiza a revisión da organización dos medios materiais e de profesionais sanitarios do 061 para acadar unha mellora efectiva dos tempos de resposta as emerxencias sanitarias."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=5

6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE O APOIO Á ACTUALIZACIÓN DO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción sobre o apoio á actualización do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
Exposición de motivos

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que o galego é a lingua propia de Galicia, tendo todos os cidadáns o dereito de coñecelo e empregalo, de igual xeito que o castelán, por ser a lingua oficial do Estado. Neste senso, as administracións públicas teñen a obriga de garantir o uso normal e oficial de ámbolos dous idiomas, potenciando o emprego do galego en todas as ordes da vida pública.

Ao longo da historia democrática de Galicia existiu un escenario de consenso arredor da lingua, primeiro para a aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	11/19

lingüística e, máis adiante, para o impulso do Plan xeral de normalización da lingua galega; dous marcos reguladores que foron aprobados por unanimidade no Parlamento de Galicia.

Durante os últimos meses o Goberno galego impulsou un escenario de consenso político e social no marco do Pacto pola lingua, que facilitou acordar novas medidas para a promoción do uso do idioma en todos os planos da vida pública, adaptándose as novas formas de socialización.

Neste eido, o Goberno galego trasladou ao Parlamento de Galicia un documento con case 700 medidas para a actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega, froito do traballo de máis 130 profesionais de todos os sectores e das 1400 achegas recibidas por parte de institucións, asociacións, entidades e particulares nos máis de 400 contactos e a través da caixa de correo electrónico.

Tras semanas de negociación e diálogo no ámbito parlamentario nas que participaron todos os grupos representados na Cámara galega agás o BNG, acadouse un acordo que enriquece o documento orixinal sen alterar no substancial o documento elaborado polas comisións de traballo. Isto permitiu a súa aprobación no Pleno do Parlamento de Galicia por unha amplísima maioría dos representantes do pobo galego.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de Acordo

1. O Pleno da Deputación de Lugo acorda, como resolución: apoiar a actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado no Pleno do Parlamento de Galicia o día 7 de outubro de 2026.

2. Dar traslado deste acordo á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia."

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as Dª. María del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón e Dª. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, do señor Deputado D. Daniel García Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	12/19

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 22 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial Socialista e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 3 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=6

7º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A CREACIÓN DUN DEPARTAMENTO ESPECÍFICO PARA O ASESORAMENTO AOS CONCELLOS NA CAPTACIÓN E XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para esixir ao goberno da Deputación a creación dun departamento específico para o asesoramento aos concellos na captación e xestión de fondos europeos.

Exposición de motivos

Os fondos europeos constitúen un importante recurso a disposición das Administracións Públicas cos que aproveitar para desenvolver proxectos en diversos ámbitos coma o sector primario, as infraestruturas, a industria, turismo, mobilidade, emprendemento ou servizos comunitarios e, en definitiva, crear oportunidades e contribuír ao desenvolvemento dos territorios.

A propia Deputación de Lugo ten presumido de captar fondos europeos para varias actuacións, aínda que o seu alcance fora escaso coma o caso do 'Xeopadrón', un proxecto tecnolóxico para a dixitalización do padrón municipal nos Concellos da provincia.

Máis alá da participación dos Concellos no proxectos aos que se presenta a institución provincial, a Deputación de Lugo non ofrece a día de hoxe un servizo real e específico de cooperación cos Concellos para o asesoramento na captación e xestión destes

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	13/19

fondos toda vez que para os Concellos é case inviable a xestión destes fondos por tratarse de administracións con moitos menos medios e recursos tanto económicos como persoais.

Outras Deputacións, dentro das súas competencias -reguladas no artigo 36.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)- de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, si prestan un servizo específico aos Concellos neste ámbito. Un exemplo é a Deputación de Pontevedra que dispón dun servizo específico para a xestión de plans e subvencións e a coordinación de candidaturas dos Concellos a proxectos europeos. E a Deputación de Ourense é un claro exemplo de éxito na coordinación da candidatura conxunta ao PERTE da auga que permite a xestión conxunta e a mellora do ciclo da auga nos concellos da provincia.

É dicir, a falta destes recursos na Deputación de Lugo, que debería ser un claro motor para o desenvolvemento da provincial, tradúcense nunha perda de oportunidades para os Concellos.

Europa pon os recursos, pero é preciso coñecer as posibilidades reais e preparar proxectos para que cheguen a Lugo e se fagan realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de Acordo

O Pleno da Corporación Provincial insta ao goberno da Deputación de Lugo a realizar as xestións oportunas para crear e poñer a disposición dos Concellos un departamento específico para o asesoramento aos Concellos na captación e xestión de fondos europeos."

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as Dª. María del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón e Dª. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, do señor Deputado D. Daniel García Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	14/19

señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=7

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

8º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2025 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dáse conta do informe de auditoría das contas anuais do exercicio 2025 do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo de Incendios e Salvamento.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=8

9º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO A MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 POLO CONCELLO DE BECERREÁ.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno de data vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e seis, relativa á modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación dous mil vinte e seis do concello de Becerreá.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=9

10º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un de setembro ao trinta de setembro de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4589 ao 5114, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	15/19

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=10

11º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=11

12º.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación co mantemento da estrada provincial LU-P-6402 no termo municipal do Vicedo, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O mantemento que realiza o goberno provincial das vías competencia da Deputación de Lugo é escaso ou nulo. E a consecuencia desta falta de interese pola conservación das vías provincias é o seu progresivo deterioro.

A estrada provincial LU-P-6402, ao seu paso polo municipio do Vicedo, que rexistra unha elevada densidade de circulación especialmente durante o verán, presenta numerosas deficiencias, especialmente, en torno ao p.k. 5,300.

Polo tanto, faise preciso corrixir as deficiencias do firme, así como non esquecer os desbroces e a limpeza das cunetas; xa que a auga discorre pola estrada aumentando o desgaste do firme e, como consecuencia, tamén diminúe a seguridade.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria nas vías provinciais e acometa tarefas de mantemento básicas, así como as de desbroce ou limpeza de cunetas na LU-P-6402 no termo municipal do Vicedo."

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	16/19

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó entroido de Salcedo, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O Entroido de Salcedo, festividade tradicional moi arraigada na parroquia de Salcedo do municipio da Pobra do Brollón, é un dos entroidos máis ancestrais de Galicia. E, no marco da declaración da paisaxe cultural da Ribeira Sacra aprobada en 2018, foi recoñecido como Ben de Interese Cultural (BIC).

O seu personaxe principal e característico é o 'Oso de Salcedo' que sae cada luns de Entroido en compañía dos seus 'criados'. Pero as actividades organizadas pola Asociación Veciñal de Salcedo inclúen tamén as Madamas e Danzantes, os Disfraces de Campo, funcións de teatro e música.

A propia Deputación de Lugo, a través da súa web de turismo, recoñece que "esta manifestación do entroido lucense é única en Galicia", pero fai anos que non colabora economicamente para manter a súa celebración.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación provincial colabore co tradicional Entroido de Salcedo, así coma outras celebracións e actividades culturais arraigadas e singulares da provincia."

P R E G U N T A S

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, co Museo do Mar en San Cibrao, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O Pleno do Concello de Cervo aprobou por unanimidade que a Deputación Provincial de Lugo asuma a ampliación do Museo do Mar e a súa xestión, co obxectivo de garantir un modelo de funcionamento unificado, coherente e eficiente para todo o complexo museístico.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	17/19

O Concello de Cervo adquiriu os terreos necesarios e está disposto a ceder á Deputación a vivenda contigua ao actual museo para que poida asumir a ampliación e garantir un funcionamento coordinado de todo o complexo.

Despois de terse dirixido ao goberno provincial para dar resposta a un compromiso previamente adquirido, o Pleno da Corporación Provincial aprobaba, aínda que coa abstención de PSOE e BNG, na sesión ordinaria do pasado mes de xuño unha proposta do Grupo Provincial Popular nese mesmo sentido.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o goberno provincial asumir a ampliación do Museo do Mar en San Cibrao (Cervo) e a posterior xestión de todo o complexo museístico?"

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa aos centros de atención a maiores da Deputación provincial, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O goberno provincial mantén pendente de apertura varios centros de atención a maiores comprometidos dende fai anos. Algúns coas obras sen iniciar e outros en fase de construción ou equipamento.

É o caso da residencia de Guitiriz para a que a Deputación vén de asinar un novo convenio co Concello relacionado co remate das obras prometidas aos veciños en maio do 2011.

Dende decembro de 2016, os veciños e veciñas de Becerreá e a comarca agardan que se materialice o acordo asinado entre a Deputación e o Concello para a construción e posta en marcha da residencia de atención a maiores e centro de día de Becerreá que permanece pechada dende o remate da súa construción no 2022. Incluso o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), ante o recurso interposto polo Concello polo incumprimento da finalidade do convenio, daba por probada a "inactividade" da Deputación de Lugo.

E no ano 2018, o ente provincial tamén asinaba formalmente convenio cos Concellos da Pontenova e da Pobra do Brollón -en febreiro e xuño, respectivamente- para a construción doutros dous centros de atención a maiores nestes municipios. A día de hoxe, continúan sen poñerse en servizo e, no caso da Pontenova as obras foron paralizadas en setembro do ano pasado e encomendadas a Tragsa recentemente.

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	18/19

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En que data prevé o goberno provincial poñer en funcionamento as citadas residencias que se atopan actualmente en fase de construción ou de equipamento?"

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20261027&punto=12

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Fecha y Hora**	11/11/2026 14:19:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7744JIGFP675OS4U5ABZRREA	**Página**	19/19